



SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 1918



Distancia: 2,5 km (circular)

Dificultade: baixa



Roteiro arqueolóxico, artístico, paisaxístico,... na contorna de Santa Mariña de Augas Santas, no concello de Allariz.

Un percorrido sen dificultade, aínda que con algún tramo de pendente, para gozar da paisaxe, da sombra dos carballos, da igrexa románica de Santa Mariña, o pouco que queda dos monumentais carballos que medran ao seu carón, de varios lugares asociados á tradición do martirio de santa Mariña e de espazos arqueolóxicos (o anaco excavado do castro de Armeá e o lugar do monte do Señoríño).

PERCORRIDO

Saíndo de diante da igrexa e collendo de fronte polo camiño que baixa á dereita, deixamos a localidade e os cultivos para entrar, por un camiño empedrado, na carballeira, á dereita quedan os restos de dous vellos castiñeiros, e logo chegamos á estrada que cruzamos e seguimos de fronte, a uns 300 m acadamos á igrexa, só construída en parte, na que se atopa a **igrexa da Asunción** e o **forno da Santa** (hai que levar luz para ver na cripta ou agardar a que a vista se afaga). Seguindo o roteiro atopamos un pouco máis adiante, á dereita, a beira do camiño unha impresionante formación rochosa, o **penedo da Moura**, nela collemos o camiño da dereita e uns 50 m máis adiante atopamos as **Pioucas da Santa**, con auga de efectos sanadores, ao pé do **Outeiro dos Pendóns**, desde o que hai unhas fermosas vistas da contorna. Seguindo as indicacións chegamos a parte excavada do **castro de Armeá** onde completaremos 1 km de percorrido e comezamos o camiño de volta que nos leva cara a Armeá, a un camiño carreteiro no que se conservan as pegadas que deixaron as rodas no seu ir e vir, despois atopamos o espazo arqueolóxico do **Monte do Señoríño**, as pegadas na rocha dos restos dunha vivenda romana, e 200 m máis adiante **Armeá**, na propia localidade, unha das pedras que forman o valado da dereita do camiño ten gravada unha combinación de circunferencias liñas e coviñas. Xusto na saída da localidade, no alargo onde se deixan os coches e hai una fonte, temos que coller un carreiro á esquerda, sinalizado cunha baliza de madeira, polo que volvemos ao camiño de ida e por el ao punto de partida, pero tamén podemos seguir pola estrada co que alongamos o itinerario uns 200 m e pasamos ao pé duns castiñeiros de gran perímetro.



Igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, declarada Monumento Histórico Artístico en 1931. Foi construída no século XII no lugar onde foi decapitada Santa Mariña. Crese que puido haber un templo anterior, do século VIII ou IX.



Vista de **Augas Santas** desde o Outeiro do Pendón

Santa Mariña de Augas Santas está situada a 6 quilómetros de Allariz, entre os montes de Armariz e o dos Canteiros, entre os vales do Río Arnoia e o Río do Barbaña. Conta cun interesante casco histórico, recentemente restaurado.

A tradición desta parroquia está asociada á historia e martirio de Mariña, que se resiste aos desexos dun prefecto na Cidade de Armea, chamado Olibrio, que empregou todo tipo de métodos para vencela e obrigala e renunciar á súa fe incluídas a cadea, o xuízo e o castigo. Pero nada deu resultado ante a férrea vontade da moza. Condenada a morrer abrasada nun forno próximo, saíra viva grazas a San Pedro que a deixou á beira dun estanque. Finalmente, o prefecto ordenou que lle cortasen a cabeza, que foi tallada dun golpe, pero botou tres veces, manando unha fonte de cada bote. No lugar no que foi enterrada fíxose un templo.

A tradición aproveita a presenza de restos castrexos e romanos na zona, para vincularlos ao martirio da Santa, engadíndolle posteriormente outros elementos como a Santa de Pedra (do século XVIII) ou o Carballo da Santa (xa desaparecido) e impregnando todo o conxunto dun sentido cristián



Ábside da igrexa de **Santa Mariña de Augas Santas** e carballo centenario.



Forno da Santa.

Atópase na cripta dunha basílica (da Asunción) do século XII sen rematar. Crese que na cripta houbo un monumento megalítico, do que se conservan restos do corredor. Tamén hai un posible forno crematorio ou termal.



Penedo da Moura





Pioucas da Santa. Segundo a lenda aquí foi refrescada Santa Mariña por San Pedro despois de sufrir martirio no forno. Segundo a tradición estas pías, labradas na rocha, sempre teñen auga. Esta auga é boa para curar problemas da vista, as dores de moas e o reuma. Para sanar precisase dar tres ou nove voltas ao recinto cargando no lombo dúas pedras pesadas en forma de idoliño. Aquí había un carballo de 9 m de perímetro (o **carballo da Santa**) que foi partido por un raio a mediados do pasado século. Contan que sangaba ao fendelo cun machado.



Castro de Armeá



Castiñeiros en Santa Mariña de Augas Santas, a carón da estrada vindo de Armeá. Teñen entre 8 e 9 m de perímetro.

Monte do Señoríño. Conxunto arqueolóxico, restos dunha vivenda romana en distintos niveis, parcialmente escavada na rocha.